




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Por Resolución Rectoral do 9 de xullo de 2003 autorizábase a inscrición extraordinaria dos alumnos do plano novo dos estudos conducente á licenciatura en Dereito para render exame dun máximo de 3 materias polo plano vello. A dita autorización incluía a posibilidade de modificar a matrícula no caso de superar materias na dita convocatoria.

Vista a proposta da Facultade de Dereito cómpre ampliar a posibilidade de modificar matrícula a aqueles alumnos que non superaran ningunha materia e pretendan examinarse delas polo plano novo.

Por todo o indicado, este **REITORADO RESOLVE** :

UNICO.- Os alumnos do plano novo (2003) que se acolleran á posibilidade de inscrición na convocatoria extraordinaria de decembro establecida por Resolución Rectoral. do 9 de xullo de 2003, poderán modificar a súa matrícula para o presente curso 2003/2004 ata o 28 de xaneiro, independentemente dos resultados dos exames.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2004

O REITOR



Senén Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO - SRA. DECANA DA FACULTADE DE DEREITO - SR XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR. XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA - SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR.DIRECTOR DO C.O.I.E.- SR. SUBDIRECTORA DO C.O.I.E.- SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR